

SEMANA
SANTA

A ESTRADA
MMXXVI





ÍNDICE

2 O SINAL DA XENTE CRISTIÁ
É A SANTA CRUZ

Oswaldo Mouriño Santiago

PRESIDENTE DA CONFRARÍA

3 ENTRE A ACCIÓN E A
CONTEMPLACIÓN

José Antonio Ortigueira Barros

PÁRROCO

4 SAÚDA DO ALGALDE

Gonzalo Louzao Dono

5 PERCORRIDOS
PROCESIÓNS (MAPAS)

11 AXENDA

16 EMPRESAS
COLABORADORAS

20 PROCESIÓNS

27 TURISMO RURAL
NA ESTRADA

28 A IGREXA DE SAN PAIO
DE FIGUEROA

Ricardo Terceiro

32 TERESA BASCUAS

34 CÁNDIDO PAZOS

36 CRUCES PROCESIONAIS DA
PARROQUIA DE SAN PAIO
DA ESTRADA

Luis Ferro Pego

40 DE COMO AS VIAXES
COMPLEMENTAN A
FORMACIÓN AGADÉMICA

Doña Noni Araújo

48 JESÚS PASA
Sol Cabezuelo Espinosa

O SINAL DA XENTE CRISTIÁ É A SANTA CRUZ

Estimada familia na fe:

Ao abrir as páxinas deste libro, a Confraría da Santa Cruz, dispón o seu corazón para vivir, un ano máis, a Semana Santa de 2026, tempo de grazas no que contemplamos o misterio central da nosa fe: a Paixón, Morte e Resurrección de Xesucristo “palabra da cruz, forza de Deus para os que se salvan” (cf. I Cor 1, 18).

A Santa Cruz, na que Cristo “entregouse a si mesmo por nós” (cf. Gal 2, 20), chamámonos a camiñar con espírito penitencial, a fortalecer a nosa fe e a renovar o compromiso cristián herdado das xeracións que nos precederon. Cada procesión, cada oración e cada xesto dos confrades e confradas convértese nunha declaración viva de amor a Deus e de fidelidade á nosa tradición.

Neste camiñar non estamos sós. Como membros dun mesmo Corpo (cf. I Cor 12,12) damos grazas pola harmonía, a confianza e a colaboración fraterna das demais asociacións da nosa parroquia –Virxe das Dores, San Xudas Tadeo, as Fillas de María, Sagrado Corazón de Xesús, Adoración Nocturna e a todas aquelas que día a día enriquecen a vida parroquial- coas que compartimos misión, fe e compromiso. Xuntos formamos

unha mesma comunidade chamada a dar testemuño do Evanxeo.

Que esta Semana Santa sexa para todos nós unha ocasión de encontro fraterno, de silencio interior e de esperanza renovada. Que a Cruz do Señor “árbore de vida para o crente” siga sendo luz no camiño, consolo na dificultade e chamada constante á caridade e ao servizo.

Baixo o amparo de María Santísima, que permaneceu firme xunto á Cruz (cf. Xn 19, 25) pedímoslle ao... ao Señor que nos conceda vivir estes días santos con humildade, harmonía, devoción e profundo respecto, para que a nosa confesión siga sendo signo de fe para todo o pobo cristián.

Remato cunha pequena reflexión do Papa León XIV “ Na Cruz, Xesús non morre en silencio. Non se apaga lentamente, como unha luz que se consume, senón que deixa a vida cun berro. Ese berro encerra todo: dor, abandono, fe, ofrenda. Non é só a voz dun corpo que cede, senón o último sinal dunha vida que se entrega”.

Unha afectuosa aperta.

Oswaldo Mouriño Santiago

PRESIDENTE DA CONFRARÍA

ENTRE A ACCIÓN E A CONTEMPLACIÓN

Semana Santa 2026

Avivencia da semana santa da lugar a actitudes moi diversas entre aqueles que observan pasar os días e as celebracións; así, ao igual que na parábola do sementador, uns, como a semente que cae no camiño, vendo os acontecementos dende fóra e aproveitando para atender as súas cousas, incluso desfrutando os beneficios colaterais que poidan xurdir: vacacións, turismo, gastronomía, etc., totalmente despreocupados da riqueza espiritual que conleva; outros, como a semente en terra boa, poñen a súa atención nas vivencias máis relevantes da Fe católica que celebramos estes días.

A Semana Santa trae consigo accións verdadeiramente importantes para a vida do cristián non por casualidade celebra e fai memorial da vida de Xesucristo, como a entrada en Xerusalén, (Domingo de Ramos), a Santa Cea, (Xoves Santo), a Paixón e Morte na Cruz, (Venres Santo) e a súa triunfante Resurrección, (Vixilia Pascual-Domingo de Pascua).

A todos estes días acompañan celebracións litúrxicas que dende o templo esténdense por medio das procesións como expresión de vivencia e de Fe, así pois, tanto as celebracións como nas demais manifestacións da Fe non serían posibles sen o concurso e a participación dos fieis, de aí a importancia da acción participativa de todos.

Dende hai xa algúns anos, a parroquia de San Paio conta coa inestimable participación da Confraría da Santa Cruz, que preparando a fábrica e organizando as procesións dálle un novo esplendor á celebración da semana santa estradense; por iso e dende aquí facer invitación a todos a incorporarse a esta.

Se ben a acción exterior é o máis visible nas celebracións, non podemos olvidar que o máis importante é a dinámica interior, é a contemplación dos misterios de Fe que teñen nestes días o seu punto álxido, e que nos permiten afondar naquilo que dá sentido ao noso camiñar pola vida e nos abre á transcendencia como esperanza dun futuro na plenitude do amor de Deus.

Esta contemplación parte de situarnos na presenza do Señor xa que “nel vivimos, movémonos e existimos” (Feit 17,28), e así aclamámolo, “Hosanna ao Fillo de David”, buscando un sitio ao seu lado na Última Cea, orando con EL na horta dos olivos (aínda que quedemos durmidos), observando impasibles como é condenado, ou sendo cireneos no camiño do Calvario viviremos a cercanía da súa presenza salvadora.

Alí, xunto á cruz, ao lado de María, que nos recibe como fillos seus, escoitar as súas últimas palabras, “Pai, ás túas mans encomendo o meu espírito”, na espera da súa triunfante resurrección, acontecemento que, como diría San Paulo é sentido da Fe que profesamos.

Por todo iso, animo a todos a participar nas celebracións desta **Semana Santa**, e que esta sirva para fortalecer a nosa Fe en Cristo resucitado.

José Antonio Ortigueira Barros

PÁRROCO

SAÚDA DO ALCALDE



Inmersos como estamos nos festexos de entroido, tras estes días de excesos, de altos e atranques asoma xa no calendario o posterior período coresmal e a celebración da Semana Santa. Un momento idóneo para baixar as pulsacións da vida cotiá e reconectarmos cos valores esenciais da fe cristiá.

O labor esforzado que o párroco D. José Antonio Ortigueira e a confraría da Sta Cruz están levando a cabo no labor de promoción desta conmemoración, está asituar as nosas tallas, os nosos pasos e actos litúrxicos nun lugar de privilexio dentro da Galicia pascual.

Froito deste labor, un ano máis achégannos un programa de actos do máis variado no que non

faltarán nas procesións de Ramos, do Cristo, da Dolorosa ou do Santo Enterro, acompañadas de distintas celebracións que a bo seguro reunirán milleiros de persoas por todo o centro urbano da vila.

Todas elas poderán complementar o programa de actos litúrxicos cos distintos atractivos paisaxísticos, culturais e gastronómicos que presenta a nosa comarca. Somos unha vila de acollida e é en eventos e celebracións deste tipo onde as estradenses e os estradenses damos sempre o mellor de nós mesmos.

Na esperanza de que as condicións meteorolóxicas nos permitan gozar desta festividade, convidovos a todos cantos compartides esta tradición relixiosa, a participar do traballo desta confraría. Agradecéndolle este xeneroso e altruísta traballo, remato xa desexándovos a todas e a todos unha feliz Pascua.

Gonzalo Louzao Dono

ALCALDE DO CONCELLO DA ESTRADA

PERCORRIDOS PROCESIONES


Planos




...PROCESSION...

VENRES DE DORES

27-03-26




...PROCESIÓN...
DOMINGO DE RAMOS
29-03-2026




...PROCESIÓN...

XOVES SANTO: CRISTO ATADO À COLUMNA

02-04-2026



...PROCESIÓN...
VENRES SANTO: VIACRUCIS
03-04-2026



Mapa da zona urbana de Vila Rica, Rio de Janeiro, com o trajeto da caminhada rotulado em vermelho. O trajeto começa na Praça Imaculada, segue por Rua Don Nicola, Rua Calvo Sotelo, Rua Justo Martinez, Rua Irda, Rua Ulla, Rua Baluca, Rua Irda, Rua Calvo Sotelo, Rua Justo Martinez, Rua Don Nicola e termina na Praça Imaculada. O trajeto é rotulado "SAÍDA/CHEGADA".

AXENDA



AXENDA

VENRES

20 de marzo

20:00 h Misa de Confrades onde se fará entrega de medallas aos novos confrades e confrades de honra.

VENRES DAS DORES

27 de marzo

20:00 h Celebración na honra da Virxe das Dores coa saída da **Procesión das Dores** ao remate.

SÁBADO

28 de marzo

19:00 h Celebración da misa de tarde.

DOMINGO DE RAMOS

29 de marzo

10:00 h Celebración da Santa Misa e a **Bendición dos Ramos**.

12:30 h A **Bendición Solemne de Ramos** realizarase na rúa Calvo Sotelo, preto da antiga Farola.

20:00 h Misa e Bendición de Ramos.

LUNS

30 de marzo

20:00 h Misa da tarde.

MARTES SANTO

31 de marzo

20:00 h Misa Rezada.

20:30 h Celebración comunitaria da Penitencia (Confesións).

MÉRCORES SANTO

01 de abril

20:00 h Misa Rezada.

20:30 h Celebración Comunitaria de Penitencia (Confesións).

AXENDA

XOVES SANTO

02 de abril

20:00 h Celebración Solemne da Cea de Señor.

Procesión do Cristo Atado á Columna e da Virxe das Dores tralos oficios.

23:00 a 08:00 h. Hora Santa.

VENRES SANTO

03 de abril

12:00 h Viacrucis Solemne. Farase pola rúas San Antón, “Justo Martínez” e Don Nicolás.

20:00 h Celebración Solemne da Morte do Señor.

A continuación, **Procesión do Santo Enterro** coa Confraría da Santa Cruz.

SÁBADO SANTO

04 de abril

Na mañá, visita do párroco ás persoas enfermas e ofrecemento da comunión. (Axendar previamente con Don José Antonio Ortigueira).

23:30 h Solemne Vixilia Pascual.

DOMINGO DE PASCUA

05 de abril

10:00 h Misa rezada.

12:30 h Celebración Solemne da Pascua de Resurrección.

20:00 h Misa rezada.



AGRADECIMENTOS

da Confraria às empresas colaboradoras



AGRADECEMENTOS

da Confraría ás empresas colaboradoras



Juan Guerra
BAR - PULPERÍA

CHISTE

- ¡Camarero, este plátano está blando!
- Pues dígame que se calle.

Vinos del Ulla y Barrantes

Vedra (A Coruña)

981 503 054
639 818 025

- ROMERÍAS
- BANQUETES
- 1ª COMUNIONES
- BAUTIZOS

TIKOLANDIA
Alquiler de hinchables

Transporte, montaje, limpieza, desinfección y recogida de hinchables
Descubre todos los modelos disponibles en www.tikolandia.es / Tel. 667 645 026

Avda. Marín, 19 - A Estrada (Pontevedra)
Telf. 620 209 477
pymrafacarbia@gmail.com

aco  **MercaNa**
asociación de comerciantes da estrada
centro comercial aberto **ESTRADA**

Ferretería
San Martín

Calvo Sotelo, 3
Telf 655 94 96 62

36680
A Estrada

AGRADECEMENTOS

da Confraría ás empresas colaboradoras

BAR
O ROLLO



Teléfono 696 079 894
Sta. Cristina de Vea nº 14
A Estrada



**A LACENA DE
CHUCHA**
COFFEE&BAKERY

Calpep bebé

Fabricación e deseño propio de roupa de bebé e canastilla



986 59 01 81 . 699 94 58 76 / www.calpepbebe.es
Polígono industrial de Toedo, naves 6/7 - A Estrada



cafeateria cervecera

Amadeus

T. 986 17 42 79 | Ulla, 11 | 36680 A Estrada



Castro & Longo
Correduría de Seguros

Telf.: 986 59 09 46
castrolongo@castrolongo.com



San Pelayo
Floristería

Telf.: 986 57 50 27



AUTO
ELECTRICIDAD
OTERO

Electricidad
Pre-ITV · Aire Acondicionado
Servicio Rápido

Avda. de Pontevedra, 111
36680 A Estrada
986 57 14 41

AGRADECEMENTOS

da Confraría ás empresas colaboradoras



A túa tenda de Bernabé en A Estrada
c/ Justo Martínez, nº18 TLF: 98657 1755



Fotografía Bernabé



986 180 346 | 674 486 405
C/ Gradín 47 - A Estrada



Ana M^a Gaiteiro Gulias



**Dosiglesias
(Forcarei)**

**Teléfonos: 606 63 50 82
649 81 38 01**

PICÓN - GULIAS

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS

637 77 86 65 | 609 73 29 01

franciscopiconcanabalempresa@gmail.com

sabia natura
Herbolario Ecotienda


986 573774 - 650 870516

C/Justo Martínez, nº 18, Bajo
La Estrada (Pontevedra)
sabanaturaherbotienda@gmail.com



sabanaturaherbotienda
Sabanaturatienda

**CENTRO OPTICO
A ESTRADA**



C/ Justo Martínez, Nº 19
986 173 642



**Rúa Calvo Sotelo nº 27
A ESTRADA
986 57 08 06
630 639 448
faro@libreriafaro.com**

CHOCOLATERIA

CHOCOLATES, CHUCHES, XOGUETES...

Calvo Sotelo, Nº 35
36880 A Estrada (Pontevedra)

TEL: 986 570 208

AGRADECIMENTOS

da Confraría ás empresas colaboradoras

TiEN21 ZappingTV

☎ 986 57 16 87

📞 670 38 94 06

Centro Cial. San Antón, 16
36680 A ESTRADA

zappingtv@galicia.com

☎ 886 15 45 67

📞 604 02 09 78

Rúa D, 27 - Bajo
36500 LALÍN

zappingtvlalín@galicia.com

puri Arcán
Estudio Fotográfico



C/ Calvo Sotelo 40, A Estrada

tel: 644760331 // 608797167

fraber

📷 📱 A Tenda de Fraber

Alcalde Lorenzo, 14
981 026 558
Bertamiráns

Calvo Sotelo, 52
886 097 018
A Estrada

helvetia



Ferretería Vilela

desde 1993



Cadena88
ferreterías

Husqvarna

O Foxo, 11 - Rubín · A Estrada Tlf. 986 588 050

R/ San Antón, 15 · A Estrada Tlf. 986 571 051

www.ferreteriaivilela.com



Souto de Vea, nº2
A Estrada (PO)

☎ 986 586 501
📞 696 060 674
📞 686 948 300

minicines
CENTRAL



AGRADECEMENTOS

da Confraría ás empresas colaboradoras



A dozura dos novos tempos

A FOGAZA

Argentina, 70 • 36680 A Estrada • 986 573 257 • afofaza.es

GRUPO

alForo

Le damos valor a todo
PORQUE SOMOS TASADORES

- Tasaciones hipotecarias
- Valoración de herencias o divorcios
- Tasación de viviendas y fincas
- Tasación de arte y antigüedades
- Valoración de muebles

Teléfono **981 57 74 75**
info@alforo.es

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES

FIMASI

MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN

TRANSPORTES
DESBROCES
EXCAVACIONES
RIEGOS

Telfs. Oficina: - 657 29 82 40
Telfs. Diego: - 689 55 11 49
LG. Souto de Vea, nº23
36683 - A ESTRADA (Pontevedra)

cafécentral

hamburguesería • bocatería • C.C. San Antón • 986 094.562

CERVEXERIA

EUREKA

CAÑAS E TAPAS

Avda. Benito Vigo • A Estrada
986 57 39 62 • 618 13 58 87
www.cervexeriaeureka.com

INMOBILIARIA BAMARTI



DENDE 1990

BAMARTI

PROMOVENDO E CONSTRUINDO

662 173 501 - 678 430 499

PROCESIONES



PROCESIÓNS

VENRES DE DORES

27 de marzo

20:00 h Celebración na honra da Virxe das Dores coa saída da **Procesión das Dores** ao remate.



PROCESIÓNS



DOMINGO DE RAMOS

29 de marzo

10:00 h Celebración da Santa Misa e a Bendición dos Ramos.

12:30 h A Bendición Solemne de Ramos realizarase na rúa Calvo Sotelo, preto da antiga Farola.

20:00 h Misa e Bendición de Ramos.



PROCESIÓNS

XOVES SANTO

02 de abril

20:00 h Celebración Solemne da Cea de Señor.

Procesión do Cristo Atado á Columna e da Virxe das Dores tralos oficios.

23:00 a 08:00 h. Hora Santa.



PROCESIÓNS

VENRES SANTO

03 de abril

12:00 h Viacrucis Solemne. Farase pola rúas San Antón, “Justo Martínez e Don Nicolás.

20:00 h Celebración Solemne da Morte do Señor.

A continuación, **Procesión do Santo Enterro** coa **Confraría da Santa Cruz**.





TURISMO RURAL NA ESTRADA



Hoxe ninguén dubida de que A Estrada é o centro, pero houbo un tempo en que o prestixio e o poder espiritual non vivían no cruce de camiños, senón que miraban cara a Figueiroa. A historia que hoxe nos ocupa non é de milagres divinos, senón de enxeño humano e de carros cargados de granito. É a crónica de como a vila, unha vez que logrou o mando administrativo dende a rebotica daquel 1840, decidiu que tamén os santos debían mudar de casa, aínda que fose a golpe de puxilatos e tras un incendio sospeitosamente oportuno.

Figueiroa O corazón que latexaba

Para entender a historia da nosa vila, hai que mirar primeiro cara a Figueiroa. Moito antes de que o asfalto fose unha idea e os comercios enchesen o noso cruce de camiños, a dignidade de toda esta zona residía naquela parte do que logo sería un barrio de A Estrada.

Alí, o románico levantaba muros que falaban de séculos de fe. A igrexa de Figueiroa posiblemente erguida sobre cimentos do século XIII ou XIV, non era só un templo; era o corazón dunha parroquia que dominaba parte da contorna mentres A Estrada era apenas un lugar de paso para feirantes e viaxeiros.

San Paio de Figueiroa

O Románico Inercial: En Galicia, e especialmente no rural lonxe das grandes catedrais, o estilo románico tivo unha “inercia” moi longa. Esta construción ruda e austera é típica de finais do século XII e principios do XIII. É o que os historiadores chaman un románico rural sen pretensións, onde a solidez importa máis que a estética.



Ricardo Terceiro

Os contrafortes: Aínda que dubidaba deles, nesa época eran moi comúns se a intención era sostener unha bóveda de pedra no interior (aínda que fose pequena). Porén, tamén poderían ser engadidos posteriores para evitar que os muros abrisen algo moi frecuente nas nosas igrexas vellas.

Do románico ao barroco co paso do tempo.

Aquela igrexa era un exemplo dese románico de inercia galego, duro e resistente, que co paso dos anos foi mudando como as capas dunha cebola. Entenderedes ao longo deste artigo esta especulación sobre o subtítulo deste parágrafo

Como era costume naquelas épocas de esplendor fidalgo, no século XVIII decidiron “actualizala”

A IGREXA DE SAN PAIO DE FIGUEIROA



cunha peza de máis sona: unha torre-espadaña barroca, esvelta e orgullosa, que coroaba a nave antiga. E posiblemente así quedara o edificio: un corpo de neno medieval cun sombreiro de señorito barroco, sen saber que o destino lle tiña preparada unha viaxe por capítulos.

“O eco da botica” e o traslado do poder.

Mentres os santos descansaban en Figueiroa na vila empezaba a fraguar un cambio de aires. Non podemos entender o que pasou coas pedras sen reparar na “Conspiración da botica” (nome que lle puxo Juan Andrés Fernández Castro) de 1840, que merece outro artigo moito máis extenso.

Porque naquelas xuntanzas de rebotica, as **forzas vivas da vila** souberon mover os fíos para que a cabeceira do concello viaxase dende

Cereixo ata A Estrada. Foi un movemento mestre que cambiou o taboleiro de xogo: co concello nas mans, a vila empezou a medrar en importancia e ambición.

Con todo, para ser unha “capital” con todas as letras, faltaba un detalle fundamental: o poder espiritual. Un concello de peso non podía estar subindo e baixando costas cada vez que había un casorio ou que había que bautizar un neno. A vila tiña o xulgado, xa tiña cárcere, coa casa consistorial enriba, e tiña o comercio, pero Figueiroa minguaba en influencia mentres A Estrada reclamaba o seu sitio no altar.

O “Puxilato” pola capitalidade parroquial

Como ben recolleu Pedro Varela no seu libro de 1923, iniciouse entón un auténtico “puxilato” pola capitalidade parroquial. Por un lado estaban os que defendían a tradición e a historia de Figueiroa, e polo outro, os que vían na Estrada o futuro e a modernidade administrativa.

Non foi unha liorta de fe, senón de prestixio e comodidade. Aqueles “puxilatos” foron a proba de que a vila xa non se conformaba con ser un cruce de camiños; quería ser o centro absoluto de todo o que acontecía na comarca.

A tensión era evidente, e Figueiroa resistíase a perder a súa importancia. Pero o destino, ou quizais unha man demasiado inqueda, quixo

A IGREXA DE SAN PAIO DE FIGUEIROA

que a balanza se inclinase dun xeito definitivo e drástico.

O “chisqueiro providencial”

En 1856, no século XIX, a igrexa de Figueiroa sufriu un incendio que a deixou en ruínas.

Mentres parte do pobo lamentaba a perda, aquel desastre, intencionado ou non, converteuse na escusa perfecta para as autoridades da época. O lume fixo o traballo sucio, eliminando a barreira física que impedía o traslado. Coa igrexa vella destruída, o argumento da “necesidade” gañou a partida.

O milagre non foi o incendio en si, senón a rapidez coa que se amañaron as cousas despois. Inaugurar un templo de sillería en apenas catro anos —en 1859 xa estaba listo— nunha época onde mover granito era un traballo de titáns, só ten unha explicación loxística: as pedras non tiveron que vir de moi lonxe.

Un Frankenstein de granito: A Igrexa de 1859

A igrexa de San Paio na Estrada foi, en realidade, unha operación de reciclaxe monumental. A posibilidade de que se reutilizase a pedra labrada de Figueiroa para construír o novo templo é do 100%.



A IGREXA DE SAN PAIO DE FIGUEIROA

Colleron o granito que sobrevivira ás lapas, cargaron os carros e montaron un auténtico crebacabezas arquitectónico no centro da vila.

O resultado foi un edificio híbrido, un auténtico “Frankenstein” de estilos. Por un lado, a fachada seguía un neoclasticismo sobrio e funcional, moi do gusto do século XIX. Pero por outro, sobre aquel frontón triangular, plantaron a torre-espadan abarroca que posiblemente rescataran de Figueiroa Era o trofeo de guerra: unha peza nobre e antiga coroando un edificio que nacía coa ambición de centralizar o culto. Aquela igrexa, á que hoxe chamabamos a “Igrexa Vella”, era o orgullo dunha vila que soubo aproveitar os restos para facerse un nome.

A desacralización e a promesa do retorno

O tempo non para e acabou por traer a terceira igrexa á Estrada, a que temos na actualidade e inaugurada en 1935. A “Igrexa Vella” foi desacralizada (arredor de 1936) e deixou de servir para o culto. Foi entón cando se ordenou a súa demolición, pero cun matiz de xustiza histórica: mandaron numerar as pedras e trasladalas de volta a Figueiroa, coa intención de reconstruír e recolocala nalgún sitio. Se tiña que ser en Figueiroa repararíase aquela afronta.

As pedras viaxeiras volveron ao cemiterio e alí estiveron amoreadas durante anos, agardando un “algún día” que nunca chegou.

Aquelas pedras que viron o románico, o barroco, o neoclásico, e o incendio e a gloria da vila, acabaron sendo vítimas dunha nova sorte de “puxilato” máis silencioso. Pouco a pouco, o granito numerado foi desaparecendo daquel campo santo.

Epílogo: O camiño de volta

O seu destino no cemiterio queda hoxe como un capítulo pechado e mudo da nosa historia. Aquela promesa de retorno, que debía devolverlle o que lle fora quitado, foise diluindo co paso das décadas ata que as pedras simplemente deixaron de estar. Queda no aire a pregunta de se todo este esforzo monumental foi un logro social necesario para que A Estrada tivese o peso que hoxe ten, ou se foi máis ben o capricho dunha clase social que preferiu erguer un símbolo de poder no centro antes que respectar a historia que xa estaba escrita nas pedras de Figueiroa

Ao final, a historia da Estrada ergueuse sobre pedras que viaxaron máis que moitos veciños, e aínda que o tempo borrou a igrexa de 1859, o seu rastro segue vivo. ¡Se cadra, sí!

TERESA BASCUAS



Pintora nada en Silleda e residente na Estrada, iniciouse no mundo da pintura de maneira autodidacta, case como un xogo e por puro pracer. O que comezou sendo un pasatempo foi crecendo aos poucos ata converterse nunha verdadeira forma de expresión, levándoa hoxe a compartir as súas obras en exposicións, onde mostra a súa paixón e a súa particular maneira de mirar e sentir a arte.

TERESA BASCUAS



Cándido Pazos é un escultor, deseñador e paisaxista galego cuxa traxectoria destaca pola integración da arte na paisaxe e o espazo público. Formouse na Escola de Arte Mestre Mateo, en Santiago de Compostela, onde consolidou unha base artística que máis tarde proxectaría a nivel internacional.

É autor, entre outras obras, de 60 esculturas de gran tamaño vinculadas aos roteiros do Camiño de Santiago, instaladas en distintos puntos de Europa. Estas pezas dialogan coa contorna e coa tradición xacobeá, achegando unha visión contemporánea a un itinerario histórico de profunda dimensión cultural e espiritual.

A súa obra tamén está presente en institucións de gran relevancia, como o Parlamento Europeo e a Cidade do Vaticano, o que reflicte o recoñecemento e a proxección internacional do seu traballo.

Cándido Pazos presenta neste libro de Semana Santa a obra titulada “Cristo da Paciencia”, unha escultura en bronce que profunda na dimensión humana e espiritual da Paixón.

Fiel á súa linguaxe plástica, o artista combina forza expresiva e sobriedade formal, logrando



unha imaxe de grande intensidade contida. O bronce, traballado con sensibilidade e detalle, achega solidez e permanencia a unha representación que convida ao recolleemento e á contemplación, subliñando a serenidade e a aceptación do sufrimento que evoca a advocación da Paciencia.

Con esta peza, Pazos reafirma a súa capacidade para unir tradición e interpretación contemporánea, ofrecendo unha obra que dialoga coa espiritualidade propia da Semana Santa e coa sensibilidade artística actual.

CÁNDIDO PAZOS



CRUCES PROCESIONAIS DA PARROQUIA DE SAN PAIO DA ESTRADA

A cruz procesional ou cruz parroquial é coñecida tamén como cruz de altar por estar exposta sobre este elemento; emprégase nas celebracións litúrxicas no exterior, xeralmente encabezando procesións e comitivas relixiosas. Nos máis dos casos son portadas por un sacerdote, diácono, sancristán ou persoa que o cura párroco designe.

A cruz procesional simboliza a Xesús, triunfador sobre a morte; o amor, o sacrificio e tamén un xeito de representación das virtudes teolóxicas: a Fe, a Esperanza e a Caridade.

Coa súa identidade propia, representa á parroquia ou irmandade, xuntando a natureza litúrxica coa social e a histórica, propias e identitarias da comunidade. Cando aparece a cruz procesional é como unha chamada de atención, como un faro de fe que convoca á multitude dos fieis cheos de devoción, fervor e veneración.

Partes dunha cruz latina

A cruz latina está formada por dúas liñas, unha vertical chamada pau e outra horizontal denominada traveseiro, dividido en dous tramos iguais que reciben o nome de brazos. A macolla é o punto de unión, o nó ornamentado onde se xuntan a cruz e o varal ou mastro, elemento que encaixa pola súa parte alta na citada macolla, e pola baixa na base ou pé onde descansa no chan a cruz procesional. Por esta peza suxeita a cruz procesional

o encargado de levala no seu percorrido. O baseamento é o soporte de metal, mármore ou outro material nobre que ten por obxecto soste a cruz procesional; alí onde se introduce o varal cando a cruz se atopa no altar.

Conforme á correspondente ficha-catálogo da Dirección Xeral de Belas Artes, depositada no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, a actual cruz parroquial de San Paio da Estrada resulta ser obra do prateiro Ricart, e consta igualmente que na macolla leva a inscrición *“En memoria de D. Gumersindo Durán Esmoris y su familia año 1959”*. Explica así mesmo que está elaborada en prata e metal dourado con motivos florais e diversos símbolos propios dos evanxelistas. Fai mención tamén á imaxe de Cristo no anverso e de San Paio no reverso.

Descrición da Cruz Procesional da igrexa de San Paio da Estrada

Estamos ante unha cruz cos extremos trilobulados, co lóbulo central apuntado e cos brazos dinamizados con formas semicirculares, aproveitadas para compoñer flores cuadrilobuladas cos símbolos dos evanxelistas no anverso e flores no reverso. Os brazos aparecen cubertos con elementos vexetais, con forma de ramos na súa intersección. Como figuras protagonistas, aparecen Cristo no anverso e San Paio, patrón da Estrada, no reverso.

CRUCES PROCESIONAIS DA PARROQUIA DE SAN PAIO DA ESTRADA



Anverso Cruz Procesional

Na parte central do traveseiro aparece Xesús crucificado, coa cabeza coroadada de espiñas, mirando de fronte sen estar inclinada, nimbada de auréola que amosa, na parte superior dereita, un sol figurado e radiante, e na esquerda unha lúa crecente ambos os astros representan a dualidade de Cristo, como humano e divino a un tempo.

Na parte central vense tres estrelas e, tras da lúa, outras dúas, todas elas de seis puntas simbolizando as cinco chagas de Xesús, en representación do emblema da Fe característico dos

franciscanos. A figura de Cristo crucificado polos brazos amosa en ambas as mans os cravos que as suxeitan ao madeiro, cos dedos maimiño e maior dobrados mentres se manteñen estirados os outros tres, polgar, índice e anular, representando a Santísima Trindade. Cóbrese a figura de Xesús co característico pano de pureza, descansando o pé esquerdo sobre o dereito, espetados os dous por un único cravo.



Reverso Cruz Procesional

A cruz trae cargada, en cada un dos seus brazos, os símbolos do tetramorfos correspondentes aos catro evanxelistas: un anxo representa a Mateo, un león a Marcos, un boi a Lucas e unha agúa a Xoán, portando cadanseu libro como símbolo do Evanxeo que escribiu.

CRUCES PROCESIONAIS DA PARROQUIA DE SAN PAIO DA ESTRADA

No reverso da cruz, na parte central, vai un medallón coa imaxe de San Paio, patrón da Estrada, fiel á súa propia iconografía: un adolescente coa cabeza rodeada dun halo ou nimbo circular. Porta, na súa man dereita, a palma do martirio como símbolo de pureza e resistencia, evocando un culto fortemente arraigado na tradición xacobeá. Coa man esquerda suxeita unha espada como mostra do valor na defensa da Fe e instrumento da súa propia execución. Viste túnica e manto monacais, calzando nos pes unhas botas altas.

A citada macolla piriforme atópase cinguida de ricos ornamentos con grilandas de flores sobre orladura de follas lanceoladas, cun astrágalo vexetal atado con cintas, xunto con catro cabezas de anxos encostados á mesma.

Características. Respecto á época, adscribíse ao terceiro cuarto do século XX, concretamente en 1959; de estilo ecléctico e elaborada coas técnicas do repuxado, cincelado e fundición. O material é prata e metal dourado, presentando marca de prateiro. A cruz forma conxunto cun par de ciriais.

O varal ou mastro constitúe o pau vertical que sostén a cruz, conformado por unha peza cilíndrica de metal prateado, adornado de tres arcos redondos, o superior dun dun único círculo e o central e o inferior de tres; este elemento presenta aboladuras na súa parte central.



Anverso Cruz Procesional Antiga

O baseamento ou peza onde se ensarta o varal para descanso da cruz procesional conforma unha figura tridimensional en forma de cono que se estreita cara o vértice. A súa composición é mármore vermella de Verona, a xeito de base pesada e persistente que presenta un corpo estriado, sostido sobre catro pés e un vértice de forma cilíndrica onde se atopa o orificio para introducir o varal, cunha asa na parte superior que permite o seu transporte.

No decurso da investigación atopeime nos arquivos con outra cruz da parroquia de San Paio da Estrada que figura no expediente como cruz parroquial. Son poucos os datos que alí constan,

CRUCES PROCESIONAIS DA PARROQUIA DE SAN PAIO DA ESTRADA

emporiso decidín expoñelos tamén para que os estradenses poidan coñecer un pouco máis as cruces parroquiais ou procesionais da súa parroquia. A esta cruz ímoslle chamar *cruz parroquial antiga*.

Cruz parroquial ou cruz procesional antiga
Autor: consta como autor un anónimo español.
Tipoloxía: obxectos relixiosos.

Cronoloxía: segundo terzo do século XIX.
Estilo: Eclecticismo. Escola: Galicia. Técnica: repuxado, cicelado fundición. Material: metal prateado, bronce.

Descrición xeral. *Macolla periforme con tres cabezas de ángeles sobre los costillones vegetales y sosteniendo guirnaldas florales. Cruz con los brazos rematados con dedales vegetales avolutados y decorados con bordones cruzados con el sombrero entre ellos y dos veneras. Cristo en el anverso y haces de rayos en la intersección de los brazos. Conservación, mala, tiene suelto un brazo. Partes que faltan: el remate del brazo derecho (en realidade é o esquerdo o que falta) y el santo del reverso.*

Recensión da cruz procesional vella. Cruz barroca, recargada de ornamentos florais; no extremo do brazo esquerdo fáltalle o remate. Reprodúcense nos extremos do pau e do traveseiro os símbolos da peregrinaxe a Compostela: bordóns postos en aspa, sombreiro de peregrino e vieiras, o que confirma, unha vez máis, a tradición xacobeá da vila e das terras da Estrada como lugar de paso cara a cidade apostólica. No

pau represéntase a Cristo Crucificado e da unión deste co traveseiro, irradia un feixe de raios.



Reverso Cruz Procesional Antiga

Indícanos a ficha que faltan os seguintes elementos: remate do brazo esquerdo e figura do reverso, podendo engadir, pola miña parte, que hai unha rotura no lugar onde a cruz engarza coa macolla.

Entra dentro do posible que esta fose a cruz parroquial primitiva de San Paio de Figueiroa, logo da Estrada, retirada no seu momento do culto a causa da súa evidente deterioración.

Luis Ferro Pego

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

Introdución

Este texto é un breve relato das experiencias dunha profesora de EXB que converteu a súa profesión en vocación e de como tratou de trasladar aos seus alumnos, coa imprescindible colaboración dos seus compañeiros, unha formación integral en todos os ámbitos.

Como profesora de Lingua e Literatura Española na segunda etapa (cursos 6º a 8º), organizabamos a docencia rotando de curso cada ano. Desta forma, faciamos un seguimento exhaustivo e individualizado a cada un dos alumnos que comezaban connosco en 6º curso, tamén durante os cursos posteriores: 7º e 8º. En consecuencia, como responsables durante tres anos dos mesmos nenos, creábase un clima de confianza e proximidade que aproveitabamos para organizar saídas didácticas preto do colexio, ademais de diversas viaxes a distintos lugares de interese de Galicia e Portugal. A culminación desta convivencia, finalizaba coa organización da viaxe de fin de curso de 8º.

Isto permitíame contarlles desde 6º de EXB, as marabillas que iamos visitar na viaxe de fin de curso. Cando explicaba O poema do Cid, “colliamos en clase un avión”, e iamos a Zamora a ver o Portillo da traizón, pero a continuación, dicíalles que estaríamos alí na VIAXE DE OITAVO.

No mes de febreiro, coa miña pragmática compañeira e mellor economista, Flora García

Marnotes encargabámonos de chamar para contratar hoteis e reservar hora para os lugares que iamos visitar. Nese momento, eu “a soñadora”, dicíalle: “Mira que estamos moi preto de...” e ela, con paciencia, facíame razoar “Si, pero iso supón unha noite máis...” O confort dos alumnos era prioritario para nós. Tentabamos que os hoteis fosen, como mínimo, de 3 estrelas, porque desexabamos que tivesen a mellor experiencia posible da viaxe.

A continuación, describirei as actividades que realizabamos cos nosos alumnos, durante os tres cursos da segunda etapa, ademais dalgunhas anécdotas que nos sucederon.

Viaxe a Castro de Penalba (6º de EXB)

En 6º de EXB, a nosa primeira saída era ao Castro de Penalba en Campo Lameiro. Naquel momento, o máis importante que había no xacemento, eran os petróglifos. Juan Andrés Fernández Castro, moi amablemente, proporcionoume o seu amplo coñecemento para interpretar o que se coñecía daqueles gravados, pero sempre era “A pena da serpe” o que máis chamaba a atención aos alumnos.

Saída á Igrexa de Ouzande (7º de EXB)

En sétimo curso, a primeira saída didáctica era á Igrexa de Ouzande para explicar, entre outras cousas, o Auto dos Reis Magos. Foi a primeira

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

obra de teatro escrita en castelán, da que se conservan 147 versos. Nace como conmemoración dun acto litúrxico e representábase nos atrios das igrexas. O Auto dos Reis Magos escribiuse a finais do século XII ou principios do XIII, e a igrexa románica de Ouzande é do século XII. Era, por tanto, o escenario perfecto para facer a nosa representación. Con permiso do párroco e a Sra. María avisada da visita (nunca llo agradecerrei bastante), arranxaba “amorosamente” a Igrexa. Deixábaa preciosa. Acompañábame sempre, a miña querida directora Beatriz, e o seu marido, Antonio Porta da Aciñeira, catedrático de Historia da arte do Instituto da Estrada, que explicaba como ningún a arte románica.

Aos meus alumnos con antelación, repartíamollles fotocopias cos 147 versos, sabendo cada un o que tiña que recitar e no momento da representación. Sabíanos de memoria.

Aproveitaba a visita a Ouzande, para levalos a ver desde onde pintou Castelao a ábsida e o Agnus Dei da igrexa e engadía, que pronto veríamos o cadro no Museo de Pontevedra.

Viaxe ao Museo de Pontevedra (7º de EXB)

Patrocinado polo Museo, convidábanos a visitalo todos os anos. Cando chegabamos á sala de Castelao, chamábanme os alumnos preguntando polo cadro. Se algún guía dubidaba dicíalle, “estivemos onde o pintou”.

Támén quedaban impresionados pola reprodución do camarote da fragata Numancia, pertencente ao almirante pontevedrés Méndez Núñez.

Os ronseis funerarios romanos deste museo, que figuran entre as coleccións máis importantes de España, tamén eran admiradas con grande interese, pois previamente informábaos das historias familiares que se describen nos seus textos.

Viaxe a Lugo (7º de EXB)

Outra viaxe que faciamos neste curso era a visita a Lugo. A primeira parada era en Santa Eulalia de Bóveda onde, se poden admirar os restos dun santuario romano do século III.

Renovando a viaxe, comiamos nun hotel de estrada contratado con anterioridade. Os nenos comían nun salón grande para vodas e consumían as bebidas, pero coa condición de que, á saída, o salón estivese limpo como o atoparon. A solución era que nunha bolsa de plástico grande, se botasen os restos da comida. Os profesores comiamos alí, en agradecemento ao servizo do restaurante, pagando a comida co noso propio diñeiro.

A continuación, seguíamos a Lugo. Visitabamos a cidade, coa súa catedral e o museo que, naquel momento contaba con demasiado material, aínda que eliminar esta palabraxa tiña o seu destino: A Fortaleza de San Paio de Narla. *Todos os galegos, xamais pagaremos a xestión que fixo “D. Manuel Vázquez Seijas”* que, no ano 1939 como

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

presidente da Deputación de Lugo, comprou a fortaleza para a institución, porque os seus propietarios íana derrubar para aproveitar a pedra para facer material granulado para as estradas. GRAZAS ETERNAS, D. MANUEL.

Unha vez que a Deputación restaurou a fortaleza, converteuse no Museo Etnográfico de Lugo. Desde entón, deixamos de visitar o museo na cidade, para dirixirnos directamente a San Paio e, a continuación, finalizar a viaxe coa visita ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes que ten unha bela historia relacionada coa devandita fortaleza. Contiña apeiros de labranza, unha cadeira de man de viaxe e unha casa amoblada con mobles desa época. Pero, sobre todo o calabozo, que tiña unha trapela na parte superior, por onde baixaban os prisioneiros, cos seus grillóns. Por que me axudou tanto o calabozo? Porque os meus alumnos entendían o romance do Prisioneiro: ao ver como eran calabozos, descubrían o que quere dicir o prisioneiro nestes versos:

“Que por mayo, era por mayo...
...sino yo, triste, cuitado,
que vivo en esta prisión,
que ni sé cuándo es de día,
ni cuándo las noches son,
sino por una aveçilla
que me cantaba al albor...”

Esta visita facíamola todos os anos, pero a un curso propúxenlle que, se estudaban o romance

do Prisioneiro e, se mo recitaban correctamente en calquera momento e lugar, antes de que finalizasen as clases, poñeríalles un 10 que faría media coa nota de fin de curso; como un exame máis. Podíanmo recitar subindo ou baixando as escaleiras, no recreo, nunca en clase. Era gracioso escoitalos porque cando lles fallaba unha palabra, rapidamente íanse, para volver noutro momento. Ese ano, déronnos unha data para ir a San Paio de Narla. E chamáronnos para cambiala porque tiñan unha reunión de bibliotecarios. Pero volveron chamar unha vez máis para que fósemos o día sinalado con anterioridade. Chegamos e estaban reunidos os bibliotecarios. Pediron perdón, pero díxenlles que se nos daban 1/4 de hora podíamolo visitar sen problemas. Aceptaron a proposta e aplicando a fórmula da Fila India viron todo o Museo. Os alumnos, ao chegar á primeira planta da Torre viron trapela do calabozo e, de forma espontánea, empezaron a recitar: “Que por maio, era por maio...”. Acompañábnos dous guías que, como eu, botamos unha bágoa de emoción diante deste feito.

Primeira viaxe de fin de curso.

Normalmente, acompañaban aos alumnos os profesores que lles daban clase. A profesora acompañante, tivo un accidente a véspera e tiveron que ir eu.

O itinerario era, A Estrada-Ponferrada-Astorga-Madrid

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

En Ponferrada, visitamos o Castelo dos Templarios e os nosos alumnos entraron en tromba. Aínda non estaba restaurado e empezaron a subir polas murallas, caendo adobe e pedras. O señor que nos mostraba as ruínas, gritaba... “Salvaxes bestas, animais, De onde sodes? Hai uns días, estiveron uns nenos de Coruña educados... non hai comparación”. Eu pedíalle por favor: “Non lles grite déixeme a min, a ver se logro algo”. Aí tédesme, chamábaos polo seu nome e pedíalles, por favor, se me podían axudar... De súpeto, ábrese a porta e aparece unha señora, gritando: Ao ladrón, ao ladrón! Chamamos á señora e preguntámoslle, que lle pasaba. A Sra. dínos que lle roubaron as revistas que tiña suxeitas en pinzas, no seu quiosco á entrada do castelo. Mirámola con incredulidade, facía vento e pasaban voando aos nosos toda clase de revistas. Preguntámoslle o importe do roubo e díxonos 3.500 pesetas, a miña querida directora Bety pagoullas e saímos todos GRAZAS A DEUS das ruínas.

Pregúntannos, onde imos agora? Contéstolle eu: “onde? Á Estrada Estrada, a casa, cun comportamento así, para min acabou a viaxe”. Estou a ver a un neno, moi arrepentido, que me di... “Profesora, fun eu, non castigue aos demais”. Agradecínlle a súa sinceridade e seguimos a viaxe. Eu non intervíñ na organización, o lugar onde comían e o que comían: nas beiravías das estradas, comían bocadillos feitos con pans que se compraban diariamente e con embutidos que levabamos en

friameiras. A cea facíase nos hoteis. Pensei: “Isto non pode pasar NUNCA MÁIS” e, desde ese momento, involucreime nas viaxes que faciamos todos os anos.

Segundo e sucesivas viaxes.

Despois da desagradable experiencia que acabo de relatar, prometínme tres cousas:

1. Informar e ilusionar aos alumnos sobre todos os lugares que íamos visitar.
2. Levalos aos mellores hoteis e restaurantes que nos puidésemos permitir coa recadación de fondos conseguida.
3. Motivalos para que tivesen un comportamento exemplar.

O roteiro da viaxe, salvo algunha rara excepción, era a seguinte: Zamora, Salamanca, Madrid, Segovia, Toledo, Mérida, Sevilla, Córdoba e Aracena (Huelva). Os lugares visitados eran:

- Zamora: O portillo da traizón, a Praza Maior e a zona vella, a Catedral e o Palacio do Cid.
- Salamanca: A Catedral, o Edificio das Escolas Maiores da Universidade (coa súa famosa ra), a Casa das Cunchas, o Palacio de Monterrey, o Horto de Calixto e Melibea, casa Lis (museo Art Déco e Art Nouveau).

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

- Madrid: Palacio Real, Catedral da Almudena, Museo do Prado, Museo de Lázaro Galdiano, Museo Reina Sofía, Praza Maior, Porta do Sol, Palacio de Cibeles.
- Segovia: Palacio da Granxa de San Ildefonso, Alcázar de Segovia o Acueduto de Segovia, Catedral.
- Toledo: A Porta de Bisagra, o Puente de Alcántara, a Catedral, o Alcázar, a Xudería, as Sinagogas de Sta. María a Branca e a do Tránsito, casa-Museo do Greco, a Igrexa de Santo Tomé, o Miradoiro do Valle.
- Mérida: O templo de Diana, o Teatro, o Anfiteatro, o Circo, a Ponte Romana, o Acueduto dos Milagros, a Casa do Mitreo, Museo Nacional de Arte Romana.
- Sevilla: Os Reais Alcázares, a Catedral, a Xiralda, a Torre do Ouro, o Parque de María Luisa, a Praza de España.
- Granada: a Alhambra, a Catedral, a Porta de Elvira.
- Aracena (Huelva): Gruta das Marabillas.

Madrid. Palacio Real

Visitábamolo todos os anos, pero vou contar o que nos pasou nunha ocasión:

Iamos 70 alumnos, máis ou menos. A guía, ao ver entrar un grupo tan numeroso, quedou aterrada. Mostraba un aspecto de esgotamento

e preocupación. Por este motivo, dirixinme a ela e díxenlle: “Non se preocupe, non lle van a dar traballo”. A pesar disto, incorporáronse ao noso grupo, cinco persoas máis. Ao comezar a visita, os alumnos sabían como tiñan que colocarse, ordenados segundo a súa altura e situándose ata ao final das salas para atender, de forma organizada, as explicacións que nos estaban dando.

Así vimos o palacio sala tras sala, pero ao chegar a unha, onde se atopan no centro unhas vitrinas con prata, volveu funcionar a “fila india”. Se algún alumno desexaba volver ver algo do exposto, daba unha segunda volta, cunha perfecta coordinación de todo o grupo. Vendo o comportamento dos nosos alumnos, achégaseme unha señora que nos acompañaba e pregúntame con admiración: “De onde son, son un colexio público ou privado, ...”. Ao dicirlle que eramos galegos, dirixese ao seu marido e dille: “Pepe, Pepe, son galegos!”. O marido vén emocionado cara a nós. Este señor era o embaixador de España en Costa Rica, paisano noso, nacido na Coruña. E informou con gran orgullo (en inglés) aos seus acompañantes sobre a procedencia do noso grupo. Cando terminamos a visita, a guía deume as grazas e os parabéns. E, como todos os anos, rodéanme os alumnos para comprobar se choraba emocionada polo comportamento exemplar que tiveran.

Visita a Toledo

A Catedral. O primeiro que nos atopabamos á entrada, era o precioso tímpano coa escena da

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

entrega da Casulla a San Ildefonso, pola Virxe. A descrición desta escena viña previamente explicada por min, ao ser contada polo máis grande poeta do Mester de Clerecía, Gonzalo de Berceo, no primeiro relato da súa obra Milagros da nosa Señora (século XIII). Sempre gozabamos con detemento da beleza da Catedral da Luz. E recordo con grande agarimo e agradecemento, a amable atención do responsable do Tesouro da Catedral que, en lugar de formar grupos separados, permitíanos realizar o noso tradicional sistema de “fila india” onde ían pasando todos os alumnos coa supervisión dun profesor á entrada, outro á saída e mentres tanto, eu ía dando as explicacións das marabillas que se podían observar, destacando especialmente, a impresionante Custodia de Arfe.

As sinagogas. De visita obrigada, as sinagogas de Toledo, especialmente a Sinagoga de Santa María a Branca e a Sinagoga do Tránsito.

A Xudería, a Casa do Greco e o Alcázar eran outros lugares imprescindibles, de visita obrigada nesta bela cidade.

A Igrexa de Santo Tomé, onde se atopa o famoso cadro O Enterro do Conde de Orgaz, do Greco.

Mérida

A visita a Mérida, impresionante. As ruínas romanas, para min, son algo sacro. Póñennos en contacto co noso pasado, ligado ao esplendor da cultura, a ciencia e a enxeñería avanzada do imperio romano, en contraposición co retroceso que supuxo a vida e a cultura da Idade Media, onde se xestaron as nosas linguas (galego e castelán) que conservamos a día de hoxe. Sempre tentei enfocar o meu labor como docente de Lingua e Literatura española, nun sentido máis amplo, tratando de integrar os meus ensinamentos dentro dos contextos históricos, culturais e arquitectónicos dos nosos antepasados. Desta maneira, tratei de darlles aos meus alumnos unha visión integral humanista e ilusionante que culminaría coas visitas a estes lugares dos que tanto lles falei previamente.

Concretamente, en Mérida, visitabamos o Teatro, o Anfiteatro (aquí, sempre preguntaban polas Naumaquias (batallas navais) das que lles falabamos nas clases). No Museo de Mérida prestaban especial atención aos ronseis funerarios e ás súas inscricións. Recordo unha viaxe que, na entrada do museo había unha garita acristalada onde estaba o empregado que despachaba as entradas. Ao cabo dun intre, vexo que as persoas que estaban alí dentro, achéganse rapidamente a nós. Estabamos todos en crequenanas e, cando están ao noso lado, dinme: “Estamos asombrados,

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

nunca vimos unha cousa semellante. Os alumnos buscando e despois comunicánllo a vostede”. Eu respóndolles: “Si, están a buscar nos ronseis funerarios as dedicatorias aos defuntos, que tanto nos conmoven”. A motivación previa á viaxe é fundamental, e penso que os nosos ensinos quedaban completos despois de vivir estas experiencias.

Sevilla

Como comiamos en restaurantes de certa categoría, preparábaos para que manexasen os cubertos que nos poñían. Díciálles: “seguro que aos vós papás regaláronlles pola súa voda un xogo de cubertos. Dícidelle aa mamá que poña os servizos de peixe porque nolos imos a atopar nos restaurantes e así, saberédelos identificar. E no caso de que teñades algunha dúbida, achegádesvos á miña mesa e resolvémola sen problema”. Estas recomendación traducíronse nun comportamento impecable en hoteis e restaurantes.

Así lembro unha situación nun restaurante de Sevilla cunha decoración magnífica: o silencio era total, achegáronse a nós uns profesores franceses e preguntáronnos de onde eramos, de que colexio (público ou privado), ... Os seus eloxios ao comportamento do noso grupo e ao seu saber estar na mesa, séguenme enchendo de orgullo a día de hoxe.

Alhambra de Granada

O recordo máis importante que teño das visitas á Alhambra de Granada foi o ASOMBRO que todos os meus alumnos levaban ao vela. Creo que quedaban enfeitizados polo encanto mouro, como di a canción de Agustín Lara. Recoñecían os alicatados ou ocos que estaban normalmente á entrada das habitacións, as cales dispoñían dunhas fontes centrais que reflectían os mocárabes (adornos xeométricos) das cúpulas.

Tivemos guías tan maravillosos, que nos descubrían a grandeza que tivo a Alhambra no seu tempo: A exquisitez e o refinamento dos seus moradores chegaba ao extremo de adornar con flores os adarves das murallas onde loitaban.

Nalgunhas ocasións, cando iamos xustos de diñeiro, prescindiamos de contratar un guía e dáballes eu as explicacións aos alumnos. Lembro unha delas, na que se uniron a... a nós dous homes con acento estranxeiro, que falaban perfectamente español. Ao finalizar a visita, felicítáronnos e convidáronnos a visitar Leningrado. Eran dous profesores rusos que nos deron as súas tarxetas e uns almanques.

O encanto da Alhambra creo que non nos vai a deixar mentres vivamos. Despois de abandonala con tristeza, sempre comentaba no autobús cos meus alumnos que a súa arquitectura, o aroma, a cor das súas flores e o rumor da auga das súas fontes son inesquecibles.

DE COMO AS VIAXES COMPLEMENTAN A FORMACIÓN ACADÉMICA

Aracena (Huelva)

Quizá, a anécdota máis importante sucedeu en Aracena, Huelva. A entrada á Gruta das Marabillas estaba programada para as 11:30h. Chegamos e mentres esperabamos a saída do grupo anterior, visitabamos unha exposición de mineiros. A profesora de Ciencias Naturais estaba no centro, identificando e explicando as distintas pedras. Os demais profesores estabamos fóra: un organizando a entrada e outro supervisando a saída das salas. Como sempre en fila india o obxectivo era ver perfectamente o que se expoñía e escoitar as explicacións da profesora. Chegado o momento de visitar a gruta, o guía pedíanos dividir o grupo en dous. Dígolle que, por favor, deixe entrar o grupo enteiro, pois non chegabamos ao restaurante onde tiñamos contratada a comida. Se lle parece que o seu comportamento non é correcto, saímos á metade.

Entramos en ringleira, non podía ser doutra maneira. Cando o guía empezou a falar, os nenos, moi atentos, seguían as súas explicacións. Aos 20 minutos de entrar, dime o guía, co seu precioso acento andaluz: “Ozú, pero de onde son vostedes?” e respóndolle, con moita emoción: “somos galegos, dun pobo que se chama A Estrada, que significa vía ou camiño para chegar á Tumba do Apóstolo que a temos moi preto”. Respóndeme: “Verá, vin que cando ían entrar, botaban as bol-

sas das pipas e das “chuches”, dentro dunha bolsa grande de plástico. Chamoume a atención”. E ante isto, eu pensei: “*costume de deixar os locais onde comían como os atoparon*”.

Ano tras ano sucedía o mesmo, pero, nunha destas viaxes, vexo moita xente esperándonos e, ao ver isto, collo o micro e dígolles: “Nenos, como diría Machado, *galegos, non hai Galicia, faise Galicia ao andar*”. Ao saír do coche un aplauso das persoas que nos esperaban deixounos gratamente sorprendidos. Eran os guías, o persoal da Gruta, e os vendedores de recordos, os que nos recibían con tanto agrado.

Diciánnos que só un colexio de monxas tiña un comportamento parecido ao noso. Fixeron unha proposta ao Concello de Aracena para que nos nomeasen como o Colexio co mellor comportamento de España. E nun pleno extraordinario, aprobaron a petición. Mandáronnos un diploma con este nomeamento, por medio de comunicación protocolaria entre a Consellería de Educación da Junta de Andalucía e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Xa non eramos os salvaxes de Ponferrada, de anos atrás.

Dou grazas a Deus, que me permitise realizar esta actividade.

Doña Noni Araújo

JESÚS PASA



Jesús, en medio de la multitud
pasaste...
cargando con mis pecados,
En silencio, cayendo, doliente.

El hombro inflamado por el peso del madero.
La piel lacerada por latigazos.
La frente sangrante.
En la cara ...el recuerdo de los salivazos.

Pagando por todos...una deuda
que solos nunca pagaríamos,
no tenemos valía.

Pero Tú,
con tu condición altísima.
¡Expiatoria víctima!
¡Dulcísimo y amadísimo Jesús!
Pagaste...
a precio de Tu sangre inocente
nuestro rescate

¡Cómo odio el pecado
Que lleva a la muerte!

Sol Cabezuelo Espinosa

AC Aluminios CAMPOS S.L.

C/ Molino, 57 - A Estrada (PO)
T. 986 570 395 | F. 986 584 868
aluminioscampos@aluminioscampos.net
www.aluminioscampos.net

